

DOMINGO 11 DE XUÑO

Sesión Vermú

DJ Pascal Kleiman

Realización dun mural colectivo de

Mamen Bazarra

Praza da Constitución

13:00 h.



Debuxaremos entre todas e todos unha mandala con xiz sobre o chan da praza do barrio, co fin de formar unha mandala xigante que simbolice a importancia das prazas como lugar de conexión entre as persoas, experimentando como a suma de todos os debuxos individuais conforman un marabilloso e harmónico mandala. Ao debuxarse con xiz, será unha intervención efémera.

“La Desmemoria”

Compañía Experimentaldanza

Teatro Rosalía de Castro

20:00 h.

Billeteira 9'00 € (carné xove, + 65 anos, persoas desempregadas: -20%)



Din que cando perdes a memoria perdes as ganas de amar. Pero non queremos en absoluto perder as ganas de amar porque, con isto, perdemos o noso pasado. Que seríamos nós sen o noso pasado? Estrelas ou planetas nun universo carente de recordos? Espectáculo de música e danza contemporánea con Carlota Pérez (danza), Mamen Bazarra (música) e Felipe G. Bescansa (música).

OBRADOIROS DO VI ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACION

Centro Cultural Ágora

Lugar da Gramela, 17

A Coruña

Obradoiro de DJ, impartido por Pascal Kleiman

Recoñecido Dj francés sen brazos, participante nos mellores festivais e encontros de música electrónica. Obradoiro dirixido a persoas que queiran iniciarse no mundo da música electrónica e aprender a pinchar e traballar con música experimental.

Obradoiro de danza teatro para a inclusión, QUEBRADAS, impartido polo colectivo “El Brote”

Dirixido a persoas con diversidade física ou psíquica como a calquera artista ou profesional que estea interesado/a en traballar con inclusión social. Experimentación a través de diferentes técnicas de teatro e danza integrada para a creación dunha micropeza sobre o abandono. Traballo aberto e humanizador que pretende dar formación e ferramentas necesarias para traballar co corpo e a palabra.

Institución Benéfico Social Padre Rubinos. Ronda de Outeiro, 325
A Coruña.

Obradoiro de artes plásticas, impartido por Abel Barcenillas

Artista plástico que traballará coa reciclaxe, coa cor, coa música, con exercicios académicos e, sobre todo, coa mestura de persoas. Aí radica a maxia da creación. Sen máis intención que a de expresar por expresar. “Non ter medo de expresar aquilo que ás veces nos custa tanto”. Dirixido a profesionais que traballan no eido das discapacidades, rapaces e rapazas, persoas da terceira idade e público en xeral. Exercicios dirixidos, exercicios por tempo, exercicios con música, exercicios grupais e exercicios libres.

Datas: 9, 10 e 11 de xuño.

Horarios: Venres 9: de 16:00 a 19:00 horas.

Sábado 10: de 10:00 a 13:00 horas.

Domingo 11: de 10:00 a 12:00 horas.

Custo de cada obradoiro: 60 € (ingreso na conta La Caixa ESSO 2100 2109 4801 0023 1100).

Inscrición: enviar un correo electrónico indicando no asunto o nome da persoa participante e o obradoiro seleccionado a experimentaldanza@yahoo.es, achegando o xustificante de pago.

Prazo: ata o 2 de xuño de 2017.

Nº prazas para cada obradoiro: 10.

ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DO VI ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN

EXPERIMENTACULTURA.

TFNO: 663 301 765

VI ENCONTRO ARTES POLA INTEGRACIÓN

A CORUÑA
8 / 9 / 10 / 11 DE XUÑO

FUNDACIÓN LUÍS SEOANE
CIDADE VELLA
TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
CENTRO CULTURAL ÁGORA
CASTELO DE SAN ANTÓN
SALA BUNKER

Patrocinan:



Organiza:

experimentacultura

Co apoio:



Facebook: VI Encontro Artes pola Integración
Twitter: @encontroartes
www.artespolaintegracion.org

XOVES 8 DE XUÑO

“Cerebro, Artes, Acción”

Espectáculo multidisciplinar

Dirección: Carlota Pérez e Jeny Rahunen

Fundación Luís Seoane

20:00 h.



Cerebro, artes, acción. A beleza non custa diñeiro. Cerebros en movemento, intuición, sorpresa. Tempo. Tempo parado e intelixencia contida. A mirada do que observa. Silencio cheo de música. Neuronas capaces de interconectarse e ser nun cosmos de cerebros diferentes que fan medrar a enerxía colectiva. A través das ferramentas do traballo artístico, créase unha interconexión entre todas as alumnas e alumnos, ao mesmo tempo que se potencian as capacidades creativas de cada un deles/as. Proxecto coproducido pola Concellaría de Políticas Sociais e Diversidades do Concello de Santiago de Compostela.

Desabandono Arte

Intervención artística en espazos urbanos

Mamen Bazarra (artes plásticas e música) e Gimena Berenguer (fotografía)

Cidade Vella (comezo en praza da Constitución)

21:30 h.



Acción artística en espazos abandonados da cidade onde se intervirá con pintura e fotografía en diversos muros en estado de abandono. O obxectivo da acción é reciclar espazos urbanos a través da arte, creando toda unha exposición nas rúas que vista de beleza a tristeza deses espazos deteriorados. O dúo artístico escollerá diversos espazos dentro da Cidade Vella. A fotografía Gimena Berenguer pegará os seus traballos para unha posterior intervención pictórica de Mamen Bazarra.

Concierto de Óscar Cuesta

“Dj Ramone” apoiando o proxecto

Desabandono Arte

Praza da Constitución

21:30 h.



VENRES 9 DE XUÑO

Torre de Babel

Espectáculo multidisciplinar

Grupo de teatro da A.C. Diversos

Dirección: Carlota Pérez

Teatro Rosalía de Castro

20:00 h.

Billeteira 9'00 € (carné xove, + 65 anos, persoas desempregadas: -20%)



Proxecto sociocultural para a diversidade que conta con 20 persoas en escena con diferentes capacidades. Unha iniciativa que busca a colaboración, a inclusión grupal, o respecto intelectual e o fomento da creatividade a través da educación artística e o traballo en equipo. Música, teatro, danza e audiovisuais. Un Proxecto financiado pola Fundación Emalca.

Inauguración “Conversas co Ágora”

Exposición de fotos tomadas a persoas usuarias do Centro Ágora

Jacobo Ameneiro

Centro Cultural Ágora

22:30 h.



“Conversas co Ágora” é un proxecto para achegar as persoas usuarias ao centro cultural, fidelizalas e que o fagan aínda máis seu. Unha actividade de

ocio cultural, sen restricións de idade, na que durante uns horarios delimitados as/os participantes da actividade serán retratados. Proponemos unha grande instalación empregando a sala central do vestíbulo, a cal constará dun bosque de imaxes.

.....

Sesión Dj

Pascal Kleiman

Centro Cultural ágora

23:00 h.



Pascal Kleiman (Toulouse) é un Dj francés radicado en Valencia desde 1992 coñecido como “Pés de ouro” ao carecer de brazos. Despois de pinchar nos principais clubs da cidade e de España, Kleiman iniciou un traxecto internacional e conquistou as mellores salas europeas. O seu estilo abarca todas as correntes do techno, psychedelic trance etc.

SÁBADO 10 DE XUÑO

Conferencia “Ferramentas e enfoques para un museo aberto a toda a cidadanía”

Manuel Oliveira – Director do MUSAC

Centro Cultural Ágora

10:00 h.



Un percorrido por unha serie de iniciativas, programas e actividades desenvolvidas no MUSAC para atender persoas con diversidade funcional e co obxectivo xenérico de construír un museo máis accesible para a diversidade de persoas e colectivos que compoñen a sociedade. Así, falarase de Shapereader destinado ao público invidente ou Rara Troupe, que se centra en saúde mental. Farase fincapé no proxecto Tamdem, financiado con fondos europeos.

Conferencia “A práctica artística como

lugar de intercambio”

Vicente Galaso e Icaro Maiterena

Colectivo Lisarco

Centro Cultural Ágora

10:45 h.



Vicente Galaso coordinou os proxectos socioeducativos da Fundación SaludArte promovendo proxectos artísticos que vinculan a arte e o desenvolvemento social. Icaro Maiterena traballa con diferentes linguaxes artísticas: videoocreación, cinema experimental, fotografía, instalación, performance, escenografía, escultura, debuxo, gravado, circo e danza.

Café-coloquio

11:30 h.

.....

Conferencia “A danza na Universidade. Camiño e traxectoria a través do Espazo de Danza da USC”

Juan Carlos Zahera – Director do Espazo de Danza da USC

Centro Cultural Ágora

12:30 h.



Nado en Lugo, empeza os seus estudos de danza na Escola de Artes Coreográficas (A Coruña) onde recibe formación técnica de Danza Clásica, Danza Española (escala bolera) e Jazz-Modern. Desde 1998 dirixe, coreografía e imparte cursos no Espazo de Danza da USC, dando orixe a un Laboratorio de Danza Contemporánea para a comunidade universitaria. Imparte e participa en numerosos simposios, congresos e xornadas, tanto de danza como de investigación no movemento e a música.

.....

“Quebradas Imperfectas”

Colectivo “El Brote”

Centro Cultural Ágora

13:30 h.



“Quebradas Imperfectas” é un espectáculo de danza-teatro de 15 minutos dirixido por Davinia Descals e interpretado por ela mesma e Íñigo Martínez. Esta obra conecta directamente o público coas sensacións, vivencias e emocións que poden chegar a vivir e experimentar persoas con diversas patoloxías raras ou descoñecidas, visto desde un punto de vista humano e social.

“Palabras de véspera e outras pezas”, de Álvaro Cunheiro

Grupo de teatro da A. Alexandre Bóveda

Dirección: Xoán Carlos Mejuto

Castelo de San Antón

18:00 h.



“Palabras de véspera e outras pezas”, de Álvaro Cunheiro, é un espectáculo do Grupo de Teatro da Asociación Alexandre Bóveda conformado por algunhas das obras de teatro breve que nos deixou o noso grande autor mindoniense. Nela, agrúpanse tres pezas que, pola súa disparidade, nos ofrecen unha mostra da versatilidade e riqueza do seu universo creativo.

.....

“Mesa para Tr3s”

Fundación Psico Ballet Mayte León

Teatro Rosalía de Castro

20:30 h.

TRC Danza. Billeteira 9'00 € (carné xove, + 65 anos, persoas desempregadas: -20%)



Os coreógrafos Antonio Ruz, Amaya Galeote e Patricia Ruz presentan en “Mesa para Tr3s”, tres propostas escénicas independentes como exploración artística coa compañía inclusiva profesional FRITTSCH CO. Ballhaus de Antonio Ruz, Café de Patricia Ruz e Des/envolturas de Amaya Galeote adentranos nos universos creativos dos tres coreógrafos, que mostran unha forma diferente de expresión e comunicación co público.

.....

“Arquitectura e resistencia”

Proxección

Nicolás Combaró, Paulina Lara e

Asociación “Debajo del Sombrero”

Fundación Luís Seoane

22:30 h.



O proxecto recolle os froitos dunha colaboración coa asociación “Debajo del Sombrero” dedicada á creación e ao diálogo artístico en persoas con discapacidade intelectual. A artista Paulina Lara establecerá un diálogo entre o arquivo “Arquitectura e resistencia” de Nicolás Combaró e a resposta artística dos membros da asociación. Ambos os dous traballos proxectaranse de maneira conxunta xerando unha reflexión sobre formas de construción non regrada que encerran unha beleza e unha historia que está por desvelar.

.....

beGun

Sala Bunker

Praza da Cormalana, 6, baio

23:00 h.



Recoñecido por ser un dos produtores con maior proxección da escena electrónica barcelonesa, Gunsal H. Moreno (beGun) conseguiu estar presente en moitos dos mellores festivais do mundo como Sónar (Barcelona, Santiago e Bos Aires), Mutek (México e Barcelona) ou Primavera Sound (Barcelona e Porto).